

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Sab 12, 13. 16-19

Impós penitencia sobre os pecados

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DA SABEDORÍA

Non hai, fóra de ti, un Deus que se considere de todas as cousas,
a quen tiveses que probar que non xulgaches inxustamente;
Xa que o teu poder é a fonte da xustiza,
e seres ti o dono de todo lévate a amosarte indulxente.
Só fas proba da túa forza cando non se dá creto á totalidade dese poder
confundindo a audacia dos que o coñecen;
así, dominando a túa forza, xulgas con equilibrio
governándonos con toda consideración,
pois na man tes o poderío cando queres.
Con feitos semellantes ensinaches ao teu pobo
que ao xusto lle cómpre ser humano;
e a teus fillos décheslle a ditosa esperanza
de concederlles despois dos pecados tempo de se arrepentir.

SALMO RESPONSORIAL Sal 85, 5-6. 9-10. 15-16a

R/ (5a): Ti, Señor, es bo e indulxente

Ti, Señor, es bo e indulxente,
cheo de amor para aqueles que te invocan.
Escoita, Señor, a miña súplica,
atende a miña pregaría.

Os pobos todos que fixeches
virán, Señor, adorarte,
honrar o teu nome.
Ti es grande e fas prodixios,
ti es o único Deus.

Pero ti, Señor, es Deus compasivo e clemente,
tardo á ira, grande en amor e lealdade.
Mira para min, apiádate

SEGUNDA Rm 8, 26-27

O Espírito en persoa intercede por nós con xemidos máis fondos que as palabras

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
DA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

O Espírito acode a axudar a nosa debilidade. Nós non sabemos como debemos orar para pedir o que convén; pero o Espírito en persoa intercede por nós con xemidos máis fondos que as palabras. E o Deus que escruta os corazóns, coñece a intención do Espírito, pois El intercede polos crentes, conforme á vontade de Deus.

ALELUIA Cf Mt 11, 25:

Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra,
porque lle revelaches aos pequenos os misterios do Reino

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 13, 24-30 (breve)

Deixade que as dúas medren ata a seitura

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Contoulles Xesús outra parábola:

- Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. Pero mentres todos durmían, o seu inimigo veu sementar xoio polo medio do trigo e marchou. Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.

Os criados do dono fóronlle dicir: "Señor, ti non sementaras boa semente na túa leira? De onde lle vén, logo, o xoio?"

El contestoulles: "Isto é obra dun inimigo".

Os criados preguntáronlle: "Queres que o vaíamos arrincar?"

El respondeulles: "Non, non sexa que ao coller o xoio arrinques tamén o trigo. Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir aos segadores: Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca".

DOMINGO 16 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 13, 24-43 (longa)

Deixade que as dúas medren ata a seitura

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Contoulles Xesús outra parábola:

- Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. Pero mentres todos durmían, o seu inimigo veu sementar xoio polo medio do trigo e marchou. Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.

Os criados do dono fóronlle dicir: "Señor, ti non sementaras boa semente na túa leira? De onde lle vén, logo, o xoio?"

El contestoulles: "Isto é obra dun inimigo".

Os criados preguntáronlle: "Queres que o vaíamos arrincar?"

El respondeulles: "Non, non sexa que ao coller o xoio arrinques tamén o trigo. Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir aos segadores: Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca".

E contoulles outra parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante a un gran de mostaza que un home sementou na súa horta. A mostaza vén sendo a máis pequerecha de todas as sementes; pero cando medra chega a ser meirande ca todas as hortalizas, converténdose nunha árbore; de tal xeito, que mesmo os paxaros veñen facer o niño nas súas pólas.

Díxolles outra parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante ao fermento que unha muller amasou en tres medidas de fariña ata que todo levedou.

Todo isto lle falou Xesús en parábolas á xente, e nada lle falaba que non fose por medio de parábolas. De xeito que se cumprise o que dixera o profeta:

Abrirei a miña boca para dicir parábolas,

proclamarei cousas escondidas desde que o mundo é mundo.

Entón, deixando á xente, foise para a casa. Achegáronselle os seus discípulos e pedíronlle:

- Explícanos a parábola do xoio na leira.

El respondeu:

- O que sementa a boa semente é o Fillo do Home; a leira é o mundo; a boa semente son os fillos do Reino; o xoio son os fillos do Malo. O inimigo que a sementa é o Satán; a sega é a fin do mundo e os segadores son os anxos. E así como se entrecolle o xoio e se bota no lume, así pasará na fin do mundo. Mandará o Fillo do Home os seus anxos, e quitarán do seu Reino todos os escándalos e a todos os que fan o mal; e botaranos no forno do lume, onde será o pranto e o renxer dos dentes. Entón, os xustos resplandecerán coma o sol no Reino de seu Pai. Quen teña oídos que escoite.